



"HISTORIA DAS MULLERES EN GALICIA"

Unha obra conxunta de cinco historiadoras galegas sobre o papel da muller desde a prehistoria ata a actualidade.

Xunta de Galicia, Nigratrea, 2010-2011

Xoves, 22 de marzo ás 19:00 horas	Sábado, 28 de abril ás 11:00 horas
PREHISTORIA - HISTORIA ANTIGA	IDADE MEDIA
O estudo da historia das mulleres da Galicia prehistórica e antiga está marcado por un curioso paradoxo: por unha parte temos un escaso rexistro arqueolóxico que apenas permite vislumbrar as vidas das persoas, e por outra as mulleres da Galicia prerromana aparecen nun lugar moi destacado nas fontes clásicas, nas que representan o antigo estado matriarcal das civilizacións. Combinando o manexo das fontes arqueolóxicas, epigráficas e literarias, a autora traça un percorrido histórico desde os máis humildes fragmentos da Prehistoria ata a análise do movemento priscilianista, no que algúns autores lles outorgan cada vez máis ás mulleres un protagonismo moi destacado.	A dependencia, a debilidade, a inferioridade son os trazos dominantes con que a imaxe da muller é ofrecida á mentalidade colectiva desde os ambientes máis cultos da sociedade medieval. Pero, por baixo desa muller abstracta, aínda que non irreal nin carente de influencia, neste libro destácanse as mulleres reais, que toman conciencia do feito de selo, defenden os seus dereitos, demostran que non admiten de bo grado o dominio dos homes e tratan de avanzar nun camiño que non alcanzou aínda a meta. Elas móstrannos que a loita pola liberación das mulleres ten longas raíces e, de paso, que non todo avance no tempo é progreso e que a Idade Media non é a época escura á que moitos, por descoñecemento, se refiren de forma despectiva.
Autora / Relatora: Mar Llinares García	Autora / Relatora: Carmen Pallares Méndez
Profesora titular de Prehistoria da Universidade de Santiago de Compostela.	Catedrática de Historia Medieval da Universidade de Santiago de Compostela.

Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo

Biblioteca Pública Central

R/ Joaquín Yáñez 6, 2º andar - 36202 Vigo

986 22 90 74

centro.documentacion.feminista@vigo.org



"HISTORIA DAS MULLERES EN GALICIA"

Unha obra conxunta de cinco historiadoras galegas sobre o papel da muller desde a prehistoria ata a actualidade.

Xunta de Galicia, Nigratrea, 2010-2011

Martes, 22 de maio ás 19:00 horas	Xoves, 7 de xuño ás 19:00 horas
IDADE MODERNA	ÉPOCA CONTEMPORÁNEA
Neste libro dáse unha visión sintética da traxectoria histórica das mulleres que viviron na Galicia dos séculos XVI a XVIII. Na primeira parte expóñense as fontes de información nas que se asenta a investigación hoxe en día e o marco legal que afectaba as mulleres, para logo dar a coñecer cal era o seu papel na vida familiar e económica, as diferenzas sociais entre unhas e outras, o seu acceso á educación e á cultura, ou as súas prácticas relixiosas. Remátase a obra con un repaso xeral a como as galegas eran vistas desde fóra de Galicia ou por parte dos propios galegos, e cun conxunto de textos e referencias bibliográficas que poidan ser útiles ao público lector.	Contén este libro unha ollada desde varios campos temáticos: o demográfico, o económico, o social e o político. No primeiro, constátase unha gran variedade de comportamentos no ámbito local e comarcal, e tamén deixa patente os dous tipos de mulleres que estudar en relación coa temática migratoria: as que sofren sen protagonismo directo da emigración, e as que participan nela. Respecto ao segundo, o papel desempeñado pola muller na actividade económica foi decisivo nun territorio como o galego, caracterizado por unha forte e permanente emigración masculina. No ámbito social inclúe temas como a súa educación, que tivo que facer fronte a innumerables vicisitudes, a sociabilidade de xénero e a pobreza. Finalmente enfróntanse as dúas imaxes da muller: no século XIX o concepto "anxo do fogar" como modelo de muller ideal ; no século XX un novo prototipo de feminidade, representado pola "muller moderna".
Coautora / Relatora: Ofelia Rey Castelao	Autora / Relatora: Herminia Pernas Oroza
Catedrática de Historia Moderna na Universidade de Santiago de Compostela.	Doutora en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela.

Entrada libre.

Quen desexe recibir **DIPLOMA ACREDITATIVO DE ASISTENCIA** deberá realizar **INSCRIPCIÓN PREVIA** no Centro de Documentación e Recursos Feministas ou no tfno. 986 229074 e asistir ao ciclo completo.